

O patrimonio histórico local como recurso educativo
Maribel Iglesias Baldonado, 17 de xaneiro de 2026
Código en fprofe: S2503004



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL



Maribel Iglesias Baldonado

Naceu en Caracas, Venezuela, en 1964. É filla de emigrantes galegos procedentes de Lalín que regresaron a Compostela, onde se licenciou en Xeografía e Historia en 1987.

Aprobou as oposicións en 1988 a profesora de secundaria con destino noa igue el destino no IES Ramón Cabanillas e logo no IES Francisco Asorey, de Cambados ata a súa xubilación. Doutorouse en 2016 con Francisco Asorey, escultor galego pola que obtivo a cualificación de sobresaliente cum laude.


Dirixiu a obra *Cambados, 100 años de historia a través de la fotografía* (2005), que fixo xunto co alumnado e profesorado deo centro educativo e recibiu un premio á innovación educativa da Xunta de Galicia. Posteriormente publicou *Ramón Cabanillas, biografía en imaxes* (2008) e *Francisco Asorey, escultor galego* (2018), baseada na investigación que realizou para o seu doutoramento na Universidad de Santiago.

Constitúe xunto coa familia Gil de la Peña e De Laiglesia Gil, a Asociación cultural Amig@s de Fefiñáns, da que é presidenta, co obxectivo de estudar, protexer e divulgar o patrimonio do Pazo de Fefiñáns e da súa contorna, que é todo O Salnés. Nesa liña vai a publicación do libro *Pazo de Fefiñáns. Historia e arte* (2021). Esta asociación publica semestralmente baixo a súa dirección o boletín, *O Umia*, con artigos variados sobre o patrimonio histórico, artístico, científico e natural do Salnés.

Índice

Punto 1 — San Domingos de Bonaval	03
Punto 2 — Obradoiro de Caramoniña	05
Punto 3 — Obradoiro en Santa Clara	11
Punto 4 — Campiño do Carme, nº 2	13
Punto 5 — Rúa Preguntoiro, nº 37	15
Punto 6 — Igrexa de N. Sra. dos Remedios	16
Punto 7 — Hotel Compostela.....	17
Punto 8 — Rúa do Vilar, nº 59	18
Punto 9 — Rúa do Vilar, nº 21	19
Punto 10 — Rúa Xelmírez, nº 17	20
Punto 11 — Monumento a San Francisco	21

Actividade desenvolta a partir da obra:



Punto 1 – San Domingos de Bonaval – Panteón de Galegos Ilustres



A Igrexa de Bonaval, do s. XIV, é un dos poucos edificios góticos en Compostela, consta de tres naves separadas por arcos de medio punto e unha capela maior con bóveda de cruz e altas xanelas. Foi exclausturada en 1835 e pasou a titularidade pública. Logo de moitos intentos para acadar un lugar digno onde enterrar a Rosalía de Castro, a asociación Liga de Amigos de Santiago, a Sociedade Económica de Amigos do País e o movemento rexionalista conseguiron o ano 1891 o permiso para trasladar á capela da Visitación os restos exhumados da escritora, soterrada no Cemiterio da Adina en Padrón. Logo desta translación, a prensa insistía na idea de converter

a Igrexa de Bonaval no panteón que albergase outras destacadas personalidades galegas e así naceu o Panteón de Galegos Ilustres que acolle os restos de seis sobranceiros intelectuais, cinco na capela da Visitación e, á beira, na capela do Cristo, Daniel Castelao.

A primeira en ser soterrada en **1891** é a poeta **Rosalía de Castro e Abadía** (1837-1885), que repousa nunha caixa de cinc sita no mausoleo da parede da esquerda.

Pasados 15 anos, en **1906**, sitúan fronte ao de Rosalía o monumento mortuorio do político rexionalista **Alfredo Brañas Menéndez** (1859-1900).

Tras 55 anos sen enterramentos, o martes **4 de xullo de 1961** inhuman no chan da capela da Visitación o escultor **Francisco Asorey González** (1889-1961).

Seis anos despois, en **1967**, trasladan desde Cambados os restos do poeta **Ramón Cabanillas Enríquez** (1876-1959), á beira do paisano e amigo Asorey, no chan da capela.



As sinxelas tumbas de austeridade franciscana, nas que repousan os dous amigos no Panteón de Galegos ilustres, da igrexa de san Domingos do Mosteiro de Bonaval, hoxe Museo do Pobo Galego. Recentemente colocouse na tumba de Ramón o epitafio que pedía no su libro *Vento Mareiro*: "Quero na lousa que me dé sosego, esta palabra que ten luz: gallego e esta palabra que ten áas, poeta".

En **1984**, do Cemiterio da Chacarita en Buenos Aires chegaban os restos de **Alfonso Daniel Rodríguez Castelao** (1885-1950) ao mausoleo da capela do Cristo.

E logo de catro anos, en **1988**, soterran no chan da Visitación o xeógrafo e autor da Carta ou Mapa de Galicia, **Domingo Fontán Rodríguez** (1788-1866).



O enterro de Francisco Asorey

Por proposta da Universidade, do Concello e da comisaria de Patrimonio Artístico Nacional, coa anuencia do Cardeal Quiroga Palacios, Asorey é o único persoeiro que foi directamente inhumado no Panteón de Galegos Ilustres.

Logo do **funeral na Igrexa conventual de San Francisco**, ao que asisten familiares, amigos e persoeiros da vida artística, política e cultural de Galicia, o féretro de Francisco Asorey, acompañado dun «xentío enorme», que formaba o cortexo da súa derradeira despedida, saíu da casa a ombreiros dos seus discípulos e amigos Antonio Saavedra, José Cao Latas, Eduardo Parrado, José María Acuña, Arturo Brea e Joaquín Gil Armada. Unha carroza fúnebre levouno ata o Panteón de Galegos Ilustres.



Á «impresionante manifestación de duelo» asistiu toda a corporación municipal santiaguesa, autoridades, alcaldes e representacións de concellos, escultores e artistas, personalidades eclesiásticas, compañeiros da Universidade, membros da Real Academia Galega, da de Belas Artes, do Padroado Rosalía de Castro, veciños e outras moitas persoas despediron a Asorey.

Texto 3

A Asorey

Ditoso o que se sabe guiar polas estrelas!
Ditoso ti que nado baixo o feitizo delas
atopache o sendeiro e acertache a voar
co corazón a arder, nos beizos un cantar!

Cuberto das silveiras e as hedras silenzosas,
a céltiga roseira morría sin dar rosas.
E surdeu «Picariña», o gomo milagreiro
e na mesma ponliña, fillas do mesmo amor,
o sol de cada maio puxo unha nova fror,
até que o derradeiro, abrindo a Edade de Ouro,
floreceu por enteiro na rosa de «O Tesouro».

Ditoso o que se sabe guiar polas estrelas.
Ditoso o que no fondo das íntimas arelas
encontra a nova Vida e a misteriosa traza
dos místicos ensonos da súa enxebre Raza!

Bendito ti que soio, na noite escurecida,
forxando a chave de ouro dende Mateu perdida,
guiado das estrelas, soupeche eternizarte
abrindo a Porta Santa da Catedral do Arte!

Ramón CABANILLAS (1923), "A F Asorey" en *La temporada en Mondariz* (3 29VI–1923).

Punto 2 – Rúa de Caramoniña – Obradoiro

“por entonces todos los escultores tenían la preocupación por Rodin. Hasta los que veían de Roma tenían esa obsesión, como hoy obsesiona Mestrovic. Y como todos eran iguales y ya no podía aprender nada, me fui a Santiago”¹.

En **1919** montará un obradoiro de escultura na rúa de Caramoniña, moi preto do santiagués Convento de San Domingos de Bonaval.

Mentres Asorey se instala en Santiago está agromando o movemento das *Irmandades da Fala*. Este movemento ao que se vincula case toda a intelectualidade galega de principios do s. XX non é un feito illado e diferente ao que acontece no resto de España e de Europa. Constitúe a manifestación práctica dunha xeración de intelectuais excepcional na historia galega e que coincide no tempo con outras xeracións senlleiras da historia de España e de Europa que se influíron mutuamente. Nesos mesmos anos botaban a andar experiencias como a Residencia de Estudiantes en Madrid ou a Escola de Bauhaus en Weimar, todas elas tiñan coma obxectivos contribuír ao progreso artístico e científico e á modernización da sociedade europea que estaba iniciando un novo século. E pénsese que coinciden no tempo personalidades como Castelao, Risco, Villar Ponte, Otero Pedrayo, Cabanillas, Asorey, Luís Iglesias, Manuel Quiroga, Antonio Palacios, Valle-Inclán, con Antonio Machado, Ortega, Picasso, Falla, Marañón... e Bergson, Yeats, Gropius, Klimt, Einstein, Stravinsky... personalidades que levaron a Europa á modernidade.

As Irmandades da Fala foran creadas por impulso de Antón Villar Ponte na cidade da Coruña en 1916. Naceran coma un proxecto político e cultural a un tempo e no que non será doado separar un do outro pese ás discrepancias que posteriormente empezan a xurdir entre os partidarios dunha acción basicamente política (os coruñeses) e os partidarios dunha acción fundamentalmente cultural (os ourensáns). Pero o que semella claro dende o principio é que a reivindicación dunha arte galega está presente desde moi cedo e será un puntal máis do seu proxecto político e cultural. E **Asorey**, alcumado polos irmandiños **o escultor da raza** vai xogar un papel de primeira orde.

Xohán Xesús González describe en *A modelo de Paco Asorei* o obradoiro de Caramoniña:



Asorey diante do obradoiro de Caramoniña, a carón dun tronco de castiñeiro.

Texto 4

Foramos visitar a Paco Asorei que lle prometera facer un busto a Lucinda [...] Paco mandounos entrar no estudio, pero despois dalgúns cumprimentos foise ao taller onde estaba en tratos para facer unha obra cuns señores e deixounos sós [...] O estudio de Paco Asorei estaba nunha das máis afastadas Rúas compostelás.

Ao rente estaba o taller onde facía as obras de encarga para Igrexas, conventos e particulares. As obras de arte, as de exposición, as que o consagraban como

¹ óLpez Vázquez, José Manuel e Seara Morales, Iago. En *Galicia Arte. Arte Contemporáneo*. Tomo XV. Ed. Francisco Rodríguez Iglesias. Hércules de Ediciones. A Coruña, 1993.

verdadeiro artista, como xenial escultor, facíaas no estudio con máis vagar, con mellor técnica e con máis cariño.

Tiña este local aderezado de cousas raras, antigas e caprichosas. Sofás fonxes de remotas épocas, libros clásicos de edicións moi artísticas, fermosos pratos de Sargadelos colgando das paredes, novelas dos mellores escritores en alzadeiros de séculos medievos, grandes libros de Arte, táboas con escenas relixiosas dos séculos doce e trece; degoladas imaxes de santos centenarios entre milleiros de debuxos modernistas. Cadros de Abelenda, Lloréns, Soutomaior; debuxos de Castelao, lenzos de Carlos Sobriño e outros artistas de fama e renome».

Xohán Xesús GONZÁLEZ, *A modelo de Paco Asorei* (1933, páx. 149, 150)

Texto 5

"A santa" de Asorey Por G. Díaz de Herrera.

Fué una tarde de abril. Una tarde cambiante en la que se suceden, en cortos intervalos, momentos de luz intensa y profundas sombras. Grandes apelotonamientos de algodón surcan rápidos el cielo, dejando resquicios por entre los cuales se muestra el cielo de un intensísimo azul. De vez en cuando estos apelotonamientos se hacen más densos, se acrecientan de modo extraordinario las sombras y caen grandes gotas que, al quedar temblando unos momentos en los muros de las vetustas arcadas fingen fantásticos entablamientos dóricos.

Caminamos a prisa por unas pinas y desiertas callejas, pobladas de casonas renegridas que aún conservan, completamente puro, un aliento medioeval. Casonas con amplios portalones oscuros que coronan orgullosos blasones de estirpes de patriarcas y guerreros...

Ya estamos. Hemos llegado al punto de destino. Llamamos. El mismo Asorey, con su perfecto tipo de «TaiHag», nos franquea la enorme puerta de vieja madera despintada.

El estudio de Asorey es sencillamente, un verdadero lugar de trabajo. Esto ya es un elemento de juicio importante para fijar la categoría estética de su obra. Allí nada sobra; nada hay de superfluo, de decorativo; todo se reduce a unos cuantos útiles de trabajo y unos cuantos bocetos. Es un amplio local de planta baja, dividido en dos compartimientos; en el del fondo y en el centro está su última obra —la que nos ha movido a visitarle— la magnífica talla en madera, el desnudo de mujer gallega que él denomina, con grande aliento, «A santa». Es una figura en pié; plena de vigor y energía; poco desbastada; la forma lograda con el menor número de detalles, completamente desprovista de ripios. (...)

G. DÍAZ DE HERRERA (1926) "A santa" de Asorey en *Vida Gallega*, 30 de xuño de 1926.

Texto 6

En el taller del escultor de la Raza

Ante la puerta del taller de Francisco Asorey en Caramoniña —un callejón sin salida y desde el cual se va, sin embargo, a la Gloria— hay arrumbados cuatro gruesos troncos de árbol. Castaños venerables, cortados a cercén en el soto, que esperan ahora que les dé nueva vida el genio del artista

—¿Qué va a salir de aquí? —le preguntamos a un rapaz que viene de dentro, espeluciado y manchado de barro.

—¡Santos!

—¿Y está el maestro?

—Sí, señor. Con los ángeles...

Es natural. Y allí le encontramos, en efecto, al pie de dos magníficas esculturas de ángeles orantes, cuyas vestiduras van policromando lentamente, sobriamente sus pinceles doctos y luminosos como los de un miniaturista de Códices de los siglos pretéritos.

—¡Maestrazo!...

El taller está desnudo de vanidades y de pompas. El piso es de tierra. Tiene apenas un leve entarimado que cubre a medias las dos piezas en que se divide el solar. Desnudas las paredes como el recinto entero —del cual son único y valioso exorno las maquetas de «Los canónigos», el sepulcro de una dama gallega y los «Devotos del Apóstol»— ofrece la impresión desolada de una celda. Nadie diría que estamos en el estudio de un gran artista español, laureado con las primeras medallas en nacionales certámenes. Ni fachendosas telas, ni armas decorativas, ni accesorios de rebuscada fantasía y mentida patina. Ni un mueble que no sea un sencillo «tallo» del país o una mesa que se derrumba bajo el peso de libros y papeles...

Asorey, afeitado someramente, hundidas y moradas las cuencas de los ojos, monástico como su mismo San Francisco, nos tiende los brazos.

—¡Amigo!...

Habla en voz queda, mesurada, en aquel ambiente propicio y evocador; como un artesano de los desapareciese su ingenio al servicio de la Mitra, de las cofradías ilustres, de las Comunidades, de los próceres...

—Estos ángeles figurarán en un vasto frente del altar encomendado años atrás a Mateo Inurria. Muerto el gran escultor cordobés, que dejó labrada la figura central, «Cristo atado a la columna», se acordaron de mi...

—¿Pero adónde volarán esos «bambinos»?

—A Guernica. Se trata del nuevo altar de la parroquia de Santa María. Son complemento de aquella talla policromada de Inurria, y yo procuro que no desentonen...

Que van a desentonar las aladas, bellas y delicadísimas figuras de los dos mancebos!

Alzan las manos en éxtasis. Las cabelleras rizosas están recogidas al modo clásico y así también aparecen plegadas las alas, que se funden sobre las túnicas azules en los respectivos bloques de madera, exquisitamente tratados.

Es sorprendente la blandura de los paños, la corrección de las líneas, la naturalidad y a la vez la espiritualidad de ambas estatuas. El malogrado maestro Mateo de la ciudad de los Califas, quedaría tan complacido de esos ángeles orantes que van a blanquear su Cristo, como el otro imperecedero maestro Mateo, el del maravilloso Pórtico compostelano...

Descubrimos en un ángulo el boceto del monumento que en el campillo frontero a la residencia franciscana de Santiago, levantan en su devoción ferviente al santo de Asís, los Terciarios de toda España. El autor, que ya dió principio con sus discípulos y con un grupo de obreros aptos, a la labra de materiales, —tras la valla colocada frente al convento nos explica algo delo que ha concebido:

—Simbolizaré los tres votos: pobreza, castidad, obediencia... El Santo se alzaré en la cima, abiertos los brazos... Y hay que hacer que allí vayan a anidar las palomas de la poética leyenda. Volarán en torno, dando gracia y prestigio a la figura. Por la noche, algunas lucecitas, como luces de milagro, prestarán a la cabeza de San Francisco el halo plateado de sus destellos. Oh, si acierto

Entorna los ojos, se reconcentra y sigue diciendo, bajo:

—Si acierto con la expresión, con el hondo y humano simbolismo, acaso la composición no haga mal...

Y luego, detalla:

—El monumento tendrá diez metros de altura... Al frente, a los pies de la dulce imagen, destacará un grupo de Terciarios. En la parte posterior, colocó escudos de la Orden franciscana y de las Clarisas.

—¿...?

—El Santo va labrado en granito gris. La encarnación del rostro y de las manos tendrá adecuado tono sepia. Las demás figuras serán de piedra blanca... Siento toda la emoción y la poesía que la obra encierra y trabajo en ella con fe.

Lo dice beatíficamente, sencillamente, sin asomo de eso que se llama «pose» y que Asorey no sintió nunca ni aun en los grandes momentos de su carrera breve y gloriosa. Sus palabras apacibles, entonan bien con la humildad ascética, franciscana, del recinto.

—Doy los últimos retoques —prosigue— en la iglesia del Colegio de Huérfanas al sepulcro en mármol del buen Cardenal compostelano Martín de Herrera. No estoy descontento del trabajo, pero menos lo estaría a disponer de todo mi tiempo para rematarlo. A mi gusto, con sosiego... Prometí, sin embrago, a nuestro grande amigo el canónigo señor Caeiro, terminar el mausoleo antes de fin de año y cumpliré, cumpliré... Quiere rendir él ese perenne testimonio de recuerdo y cariño al venerable prelado, y yo me identifico con su deseo.

—¿Y esta grande masa de barro, ro, casi informe aún?

—Será una «Dolorosa». Mejor dicho, una mística evocación de la tragedia del Gólgota.. Me la ha encargado —y sirva ello de ejemplo a las cofradías, comunidades, cabildos y demás pías entidades religiosas de nuestra tierra— una Asociación de damas de Bilbao. De fuera vendrá...

—¿De Bilbao?

—Sí, señor: Allí como en Málaga y en Murcia, y en Zamora y en otros muchos pueblos, se va a prestar a la Semana santa una gran atención, a la vez religiosa y artística. Ya sabrá usted que la Diputación de una de las provincias vascas acaba de pagar 50 o 60 mil pesetas a Quintín de Torre por un «Paso....

—¡Vivan los piadosos Fueros!

—Sí con esta «Dolorosa», tal como la forjo, tuviese fortuna, feliz éxito, no sería difícil que otro «Paso» lo labrase yo luego... Me va en ello mucho. ¡Calcule usted! Claro que voy a poner en la atormentada imagen todo mi afán... Con decirle que es la obra que enviaré al próximo concurso de Madrid.

—¡Bravo, Asorey! Da gozo verlo a usted tan animoso y tan dominador de su arte y tan incansable trabajador...

—Sí, sí.. Pero no será por los alientos que reciba en la propia casa gallega. Ahora mismo acaba de descubrirse ante los Reyes mi estatua de García Barbón, y a penas si unas líneas y una nota gráfica llamaron concretamente acerca de ella, la

atención distraída de la gente.

—¿..?

—No, si después de todo yo, modestamente, no salí mal librado con mi labor. Y hasta tengo una satisfacción íntima: la de que el filántropo, si bien se mira. me debe la erección del monumento. Como que si no llego a decir que lo hacía, aun sacrificándome, se hubiera cumplido con él, dedicándole una lápida de mármol en el relleno de una escalera...

—Asorey, ¡siempre adelante!

—Si Dios quiere...

Santiago DEL BURGO (1927) "En el taller del escultor de la Raza" *Vida gallega: ilustración regional*, Ano XIX Número 358 - 1927 novembro 10.

Texto 7

Crónicas de Galicia. Una visita al estudio de Asorey

Topeme con Francisco Asorey en la histórica Rúa del Villar de la ciudad de Compostela, una lluviosa mañana de abril, no hace aun ocho días.

Invitóme para que, aquella tarde, a las cuatro, fuese a visitar su estudio; accedí gustoso, no solo por complacer al amigo, sinó también por admirar al artista y a su obra. Puntual a la cita, daban las cuatro en el reloj de la Basílica, cuando penetraba con sagrada unción, en el santuario artístico que el amigo Asorey, instaló en uno de los barrios más típicos y silenciosos de Compostela; en el barrio de Caramoniña que a pesar de estar en lo más céntrico de la población, está por completo, alejado del bullicio de la calle; allí, es donde Francisco Asorey trabaja callada y modestamente; allí es donde con paciencia benedictina, se ufana con sus magistrales Una visita al estudio de Asorey obras en poner alto muy alto el nombre de la amada Galicia, de esa su Galicia que él tanto quiere y venera y que es su mayor fuente de inspiración.

Era domingo. Santiago, presentaba un aspecto triste, morriñento; el "orballo" típico de Compostela cayendo con suavidad, parece que cubría con un manto, la bóveda celeste, dejando a la ciudad en una semipenumbra saudosa y melancólica.

Cuando penetramos en el estudio, encontramos a Paco acompañado del insigne pintor ferrolano **Imeldo Corral** (del que hablaremos en otra crónica) y el poeta **Manuel Antonio**, querido amigo nuestro. No es el estudio de Asorey, uno de esos recintos coquetones y modernos, donde más parece que se respira perfume de "boudoir" que de arte; no, Asorey no hizo de su estudio, un coquetón comercio de artista, sino un templo de arte, donde no se ve ni se respira más que arte, sin ambages de ninguna especie; allí se vive, se siente ese arte, serio, fuerte, tan de Asorey; su estudio, modesto, sin pretensiones, no está decorado para que el señor tal o la señorita cual, vaya allí a recrearse en los mullidos sillones, y a murmurar de que las modas de hogaño son mejores que las de antaño; no: el estudio de Asorey, desnudo como está de modernismos, es un santuario para todo aquel que sienta el arte; para todo aquel que vea el arte como debe ser.

—¿Cómo está el asunto del monumento a Curros? —preguntamos a Asorey.

—Hombre, le diré: yo no pierdo las esperanzas de hacerlo; se ha nombrado un comité encargado de juzgar a los opositores, comité integrado por Benlliure, Llorens, Sotomayor, Palacios y Ramón Cabanillas, a excepción del primero, todos

son gallegos y grandes amigos míos, así es que ahora es llegada la ocasión de ver si en efecto son o no amigos como deben ser.

—¿Qué obras tiene usted, en preparación?

—Tengo este busto del Dr. Postal Fradejas, que estoy terminando; la placa de Rodríguez Carracido, que será colocada en Fonseca y estoy haciendo un grupo en madera titulado "Ofrenda a San Ramón", el cual será policromado, y lo presentaré en la próxima exposición de Arte Gallego que se celebrará aquí en el próximo Julio... Además tengo otros encargos en mármol, que todavía no he empezado a preparar; ahora mismo —nos dice— acabo de enterarme, que en Vigo, se me ha encargado de ejecutar un busto de García Barbón, para ser colocado en la escuela de artes y oficios de aquella ciudad.

—¿No pensó usted nunca en trasladar su residencia a Madrid?

—Sí que he pensado; pero siempre he desistido. Mire usted —nos dice— en Madrid, no hay fuente de inspiración como aquí; allí no puede sentirse el alma de la raza, es imposible; aquí sí; aquí uno se inspira y trabaja con los ojos puestos en Galicia, seguro de triunfar; será un triunfo más trabajoso de alcanzar, pero es un triunfo más seguro, más noble es el arte el que triunfa, no la influencia que hace triunfar a quien no tiene merecimientos para ello; en una palabra: aquí triunfa Galicia, la raza, el arte nuestro; en Madrid, triunfa la influencia, la envidia, la intriga...

—Nos despedimos de Paco Asorey, contentos de haber pasado un agradable rato con uno de los pocos gallegos que saben sentir a su tierra de la manera que Asorey la siente. JAVIER PARDO. Santiago, 1923,

Javier PRADO (1923) "Crónicas de Galicia. Una visita al estudio de Asorey" en *Galicia: revista semanal ilustrada*, Ano XXII Número 22 - 1923 xuño 3.

Punto 3 – Obradoiro en Santa Clara

A fama de Asorey consolídase, dentro e fóra de Galicia, e as encargas non deixan de medrar. O obradoiro de Caramoniña empeza a quedarse pequeno e o artista decide montar un novo, será en Santa Clara ao carón do Convento das monxas Clarisas, nun alto desde onde se ve toda Compostela (1930). Así llo conta a Alejandro Barreiro que o publica no seu xornal *La Voz de Galicia* (3/10/1930):

Estoy construyendo, levantando mi taller nuevo — se apresuró a decirnos alborozado el maestro— en terreno propio ¿saben? Lo he comprado y lo rellené con cascote... Es allá arriba: "al carón" de los muros del convento de Santa Clara. Un panorama delicioso, ya verán.

O traslado ao novo obradoiro abre tamén unha nova etapa na súa vida e obra e coincide tamén no tempo con importantes cambios na historia galega e española. Estamos nos albores da Segunda República Española, un fito determinante na nosa historia recente.

Ao ter un obradoiro de maiores dimensións pode acometer a serie de grandes monumentos que lle encargan nestes anos. Deixará por tanto de ser a madeira a materia prima preferente das súas obras para pasar a selo a pedra granítica. Asorey comentáballe a Estevez Ortega na entrevista de *Vida Gallega* do ano 28:

Hasta ahora, trabajé en madera porque ¿Cómo se lo diré? Me parece que convivía orgánicamente más conmigo, que otra materia. La madera, lo reconozco, sirve mejor, para defenderse el artista. Y luego admite el policromado que puede ocultar muchas imperfecciones. Pero para demostrar a la gente que soy escultor, trabajaré de ahora en adelante en granito².

Así describe o taller de Santa Clara Otero Túñez, que tivo ocasión de velo:



Foto do Obradoiro de Santa Clara nun xornal dos anos 50. Vese, pero con dificultade, a mesa de traballo do escultor, un cristo na parede, da súa importante colección de cristos antigos e un retablo baixo o cal se aprecian os floreiros de cinco dedos da Cerámica de Sargadelos que tamén colleccionaba Asorey.



O mesmo retablo e os floreiros conservados actualmente pola familia.

Texto 9

Tiene el taller de Asorey tres amplias salas, donde realiza las distintas operaciones escultóricas. Tras el pequeño recibidor, [...], se pasa al despacho del artista. Allí está su mesa de trabajo, llena de grandes carpetas conteniendo dibujos propios, fotografías de obras de arte y recortes o anotaciones sobre ellas. A pocos pasos, la librería encierra riquísimo repertorio, cuyos títulos abarcan desde las mejores historias generales, hasta la casi totalidad de las monografías de carácter regional,

² Estévez Ortega, E. "Celtas de mi tiempo. Asorey" en *Vida Gallega*, nº 373, 10-4-1928

libros y folletos de las más variadas tendencias escultóricas, una magnífica serie de tratados iconográficos y asombrosa colección bibliográfica acerca de personalidades por él esculpidas (Cervantes, el P. Feijoo, Curros, Aller) o intensamente sentidas (Rosalía, "la madre Rosalía"). Cubre la pared inmediata [...] la estupenda colección de crucifijos populares, donde muchos detalles, llenos de expresividad y primitivismo, justifican el extraordinario afecto que les tiene su poseedor. Completa aquel pequeño museo el muro de la derecha, ante el cual [...] otra inolvidable colección: la de floreros de loza, con forma de cinco dedos y la más variada policromía ornamental, poetizados por Asorey cuando los hizo motivo de la ofrenda de Filliña. Desde el mismo pequeño recibidor de la entrada otra puerta conduce al taller propiamente dicho, amplísima sala, donde trabajan algunos discípulos, se desbastan y sacan puntos a gigantescos bloques de granito que a veces cubren todo el recinto, se guardan los utensilios escultóricos, se alimenta la fragua. Desde las paredes la rica serie de bocetos asoreyanos contemplan el sucesivo fluir evolutivo de su autor. La tercera sala del taller es la de modelado: otra mesa, ahora presidida por una Cabeza románica, muy relacionable con el Maestro Mateo; varios caballetes donde el barro va adquiriendo sus formas bajo la presión mágica de los dedos de Asorey; tarima y sillón para el modelo; algunos proyectos recientes; las cajas con los "panos" de cabeza de las campesinas gallegas, que tanto admiraba Valle Inclán y que constituyen el último gran afecto coleccionista de nuestro escultor [...] Completan estas salas el sótano y un pequeño patio, conteniendo o adornándose mediante más yesos y esculturas graníticas, digno marco para el continuo pasar, leve y ensoñador, de la egregia figura que allí trabaja.

Ramón OTERO TÚÑEZ (1959) *El escultor Francisco Asorey*, Universidade de Santiago de Compostela.



Punto 4 – Campiño do Carme, nº 2, segundo andar

Unha serie de circunstancias de orde profesional e persoal propiciarán o definitivo establecemento en Santiago. Durante as vacacións de verán adoita pasar días en Santiago, na casa da súa irmá Casta, a quen visita con regularidade; é precisamente durante unha destas visitas, en novembro de 1917, cando coñece a que será a súa futura muller, **Jesusa Ferreiro Casal**. Ela é unha rapaza de 17 anos (Asorey ten 27), compostelá, loura, de ollos claros, moi alta e de porte elegante e distinguido. O primeiro encontro prodúcese cando ela sae do cemiterio do Rosario acompañada da súa avoa. O escultor, que ía acompañado do seu bo amigo Juan Luis, vea por primeira vez e queda preso da súa beleza: *"Sería vostede capaz de rezar un Pai Noso pola miña alma? Así foi a primeira vez que Asorey falou coa súa futura esposa, quen lembraba que desde aquel momento non a deixou en paz (El Correo Gallego, 13 de abril de 1986).* Mandáballes cartas e máis cartas que a miúdo eran respondidas polo seu pai, para que a deixase tranquila. A relación non é ben vista polo pai dela -antigo militar e con certo trato con Montero Ríos-, pois, debido á estadia de Asorey no País Vasco, pensa que o escultor é de alí, algo que non ve con bos ollos. A isto súmaselle a fama de Asorey como noctámbulo e bo bailarín, ademais de ser artista de profesión. A nai de Jesusa intenta que non se vexa con Paco, pero ela está namorada e el é un home insistente. Así, o pai comezou a tomarlle aprecio e acabou por aceptalo ao saber que era de Cambados; non así a nai, que sente que a familia se rompe, pois son nove irmáns e Jesusa, a maior, era a destinada á coidalos.



Jesusa Ferreiro Casal

O matrimonio ten lugar o **8 de xaneiro de 1918** no Santuario da Escravitude virxe da que Jesusa é moi devota. No mesmo ano, 1918, se presenta á oposición para axudante de escultor anatómico da facultade de Medicina da Universidade, praza que gaña o **31 de maio de 1918**. Con este cargo asegúrase Asorey a entrada duns ingresos fixos. Aos nove meses falece a nai de Jesusa, polo que catro irmáns van vivir co matrimonio, que se instalara nesta casa de alugueiro ata que en 1936 a logran mercar. A situación é complicado, o matrimonio pasa a estar formado por seis persoas. O soldo resulta moi escaso; os irmáns de Jesusa pouco achegan, tres deles son xordomudos e só dous traballan no concello en pequenos cargos conseguidos, Unha das irmás, Teresa, falece pronto debido a problemas de corazón. A Teresa séguelle Leonor, que morre pouco despois de dar a luz a unha nena, Carmiña, cuxo pai falecera de tuberculose antes de que tivese lugar a voda, Carmiña convértose na "primeira filla" a afillada do matrimonio, o quen ve como pals e cos que vive ata o seu casamento.

O **20 de febrero de 1921** nace o primeiro fillo, ao que lle poñen o nome de seu pai, **Francisco**. Desde que ten uso de razón establase coa escultura unha relación de amor e odio. Cébase do moito tempo que pasa o seu pai traballando no obradoiro e non dubida en destruír os seus bosquexos e debuxos e tirarlle as ferramentas ao pozo negro da casa. Ao mesmo tempo, amosa, cara ás obras de maior tamaño, un terror infundado, ás que lles outorga poderes sobrenaturais e ás que teme cando cae a noite. O 10 de outubro de **1927** nace o seu segundo fillo, **José Manuel**, Pepe.



Busto da sobriña de Asorey, 1926..



Francisco Asorey, Paquiño Asorey, 1922, col. familia Asorey.



Debuxo de Paquiño Asorey, 1922, col. Familia Asorey



Monumento ao Tenente Coronel Teijeiro. O modelo foi o seu fillo José Manuel.

No **1931** será confirmado no cargo de escultor da facultade e no ano **1939** inicia a súa carreira docente na **Escola de Artes e Oficio Mestre Mateo**, primeiro como axudante meritorio da clase de modelado e baleirado e, finalmente, como profesor numerario no ano 1954.

O **2 de xullo de 1961** ás 11 da noite morre Asorey nesta casa, ao parecer dun infarto, seguramente unha complicación final da enfermidade respiratoria que padecía dende hai tempo por mor do traballo coas esculturas e as partículas que estas desprenden. Estaba acompañado da súa muller e de seus fillos. Foi atendido polo doutor Manuel Lourenzo Abella.



A capela ardente foi instalada na casa familiar do Campiño do Carme que está fronte ao convento de Santa Clara preto do seu taller. A prensa dá conta das numerosas chamadas e telegramas de pésame recibidos así como das personalidades que se achegaron. Na mañá do 4 de xullo tiveron lugar os funerais na Igrexa do Convento de San Francisco. Pola tarde a partir das 7 e media iníciase o funeral na Igrexa de San Domingos.

A prensa dá conta tamén de que o corpo de Asorey foi amortallado cunha saba sobre a que se colocou un dos crucifixos da súa colección e que foi enterrado con el. Tamén se di que o pintor coruñés Quintás Goyanes fixo un apunte do rostro do escultor morto (publicouno *Vida Gallega* e consérvase o debuxo no Museo de Belas Artes da Coruña).

Conta Ramón Otero Túnuez que foi el quen fixo as xestións ante o arcebispado e outras autoridades para que se permitise dar sepultura no Panteón de Galegos Ilustres. Asorey será o único ilustre soterrado directamente no Panteón.



Foto de 1934 onde aparecen Asorey, Jesusa e os fillos Francisco e José Manuel. Vese tamén aos outros membros da familia, o can Chaparro e un carneiro que pacía na horta do estudo de Santa Clara. Por detrás de todos eles a imaxe de Manolo Quiroga.

Punto 5 — Placa a Enrique Mayer Castro, Rúa Preguntoiro, nº 37

Nesta casa naceu **Enrique Mayer Castro**³. Pedra de gran e bronce. Medidas aprox. 92 x 68. Otero Túniz sinala que aparece o retrato (en bronce) e unha figura alegórica con barba que puidera ser o apóstolo Santiago (aparece tamén unha cuncha de vieira). Unha das figuras é máis esquemática, o retrato máis realista. Unha grilanda adorna a parte superior das figuras. Inscrición en bronce: "En esta casa nació el buen azabachero Enrique Mayer Castro 1861-1931". Semella que para as placas conmemorativas dos anos 30 Asorey



Enrique Mayer (5º esq.) xunto aos profesores da Escola de Artes e Oficios de Santiago de Compostela, 1931, Teodoro Andreu (1º esq.), Carlos Maside (2º esq.), José María Fenollera (3º esq.) e Francisco Asorey (6º esq.).



abandona o mármore e prefire a pedra de gran. E fanse máis sinxelas, con menos decoración e máis xeométricas.

³ **Enrique Mayer de Castro** naceu en Santiago de Compostela o 13 de abril de 1861 e finou na mesma cidade o 15 de novembro de 1931. Descendente dunha familia de reloxeiros de orixe alemá de recoñecido renome en Compostela, mostrou desde moi novo un grande interese pola arte do gravado ao que dedicou a maior parte da súa produción. Este motivo levouno a estudar debuxo entre 1875 e 1880 na Sociedade Económica de Santiago onde tivo como mestre a Modesto Brocos.

A súa formación continuou en Madrid, xunto ao xilógrafo Arturo Carretero, e en Barcelona, na Exposición Nacional de Industrias Artísticas de 1882 á que acudiu pensionado polo Concello de Santiago.

De novo en Galicia, onde era recoñecido como gravador en madeira e metais, colaborou de forma habitual coa prensa da época ilustrando traballos tan importantes como *Galicia Diplomática* de Barreiro.

Un labor que compaxinou a partir de 1890 coa docente; nese ano foi nomeado profesor de Debuxo da Sociedade Económica e en 1893, de Debuxo Artístico na Escola de Artes e Oficios de Santiago. En relación con esa faceta profesional é importante destacar a súa dedicación ao ensino da artesanía do acibeche, contribuíndo a recuperar unha arte de longa tradición e importancia na capital galega.

O exercicio do ensino foi simultáneo neses anos á investigación, froito da cal publicou, en 1903, algúns estudos de gran interese sobre o gravado compostelán do século xviii e a técnica xilográfica.

En 1909 formou parte da comisión organizadora da Exposición Rexional de Santiago, unha actividade que lle serviu para tomar contacto coa Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra, que lle encargou a realización dunha excursión de carácter documental por diferentes municipios galegos, na que tivo que tomar apuntamentos e recoller información, xunto ao debuxante Enrique Campo, de todos os monumentos, obxectos e construcións de interese. Desá vinculación ao Museo de Pontevedra quedaron na colección Sampedro un número importante de láminas a plumilla nas que se reproducen escudos, inscricións e sartegos con gran minuciosidade. A eles únense un Santiago Peregrino de acibeche sen concluír e unha colección de estampas de temática relixiosa.

Punto 6 — Igrexa de Nosa Señora dos Remedios — Panteón do Arcebispo Martín de Herrera

O 8 de decembro de 1922 morría en Santiago o Cardeal e Arcebispo **José María Martín de Herrera y de la Iglesia** (nado en Aldeadávila de la Ribera, Salamanca o 26 de agosto de 1835). Tras a morte o escultor cambadés recibe a encarga de esculpir un *panteón en mármore para* colocar na Igrexa de Nosa Señora dos Remedios do *Colexio das Orfas*, situado na rúa homónima.

O traslado dos restos ao novo panteón non se producirá ata o 14 de decembro de 1927. Asorey usará mármore de diferentes cores: branco para a representación central, grises e marróns para os laterais. Leva o escudo arcebispal na parte superior e unha inscrición gravada no mármore da parte inferior: «Aquí esperan la hora de la resurrección las veneradas reliquias del Excelentísimo y Reverendísimo Sr. D. José Martín de Herrera y de la Iglesia Cardenal de la Santa Iglesia Romana y arzobispo de Santiago. Consagró su vida al bien espiritual y temporal de su pueblo. Rogad por él. VIII-XII-MCMXXII [data da morte] R.I.P»

O cardeal está representado como Pontifical, coa roupa das cerimonia importantes levando capa pluvial, tiara de bispo en mitra e báculo. Aos lados, axeonllados, ábrenlle a capa (segundo Otero Túñez²³⁸): Manuel Caeiro (que fixo a encarga) e Jerónimo Coco, personaxes que xa aparecían na escultura de Asorey dos *Cabaleiros negros*. Por detrás vese a imaxe do apóstolo Santiago tal como aparece no Camarín do altar maior da Catedral de Santiago. O escultor xoga coa profundidade do relevo, baixorrelevo no fondo, medio relevo na figura do Arcebispo. A utilización do mármore e a decoración superior que rodea ao Santo lémbra-nos obras do Renacemento italiano. A imaxe ten moitas similitudes coa de Benlliure e é superior en calidade.



Francisco Asorey, *Panteón do Arcebispo Martín de Herrera*, 1927, Colexio das Orfas, Santiago.



Punto 7 – Capitel e escudo do Hotel Compostela

No taller de Caramoniña realiza Asorey a encarga de capitel e escudo en esquina para a fachada do Hotel Compostela (1930), obra do arquitecto Antonio de Cominges Tapias (1897-1987).

No capitel represéntase un banquete, acorde coa función do hotel. Ten grande influxo románico, quizais dos capiteis do gran salón do Pazo de Xelmirez, en consonancia coa arquitecturado hotel, de estilo neorrománico, rematado por unha torre con ameas. As figuras aparecen entre froitos e formas vexetais, e como en Xelmirez tamén hai músicos e servidores portando bandexas con comida mesmo recoñecendo os retratos dos convidados: Valle Inclán, Castelao, Quiroga, a Bella Otero... A concepción espacial tamén é románica, coas figuras contorsionándose e adaptándose ao espazo conseguindo un efecto de movemento e vivacidade. A concepción espacial lembra ao románico pero os motivos decorativos teñen relación coas formas de froitas do barroco compostelán de Domingo de Andrade. Aparecen así xuntos motivos do románico e barroco, os dous estilos que conforman a arquitectura compostelá.

No **escudo** representa a cidade de Santiago e funde a heráldica de Santiago e a de Galicia, cáliz, estrela, sepulcro e as sete cruces e a cruz de Santiago por detrás. Dúas figuras alegóricas: un bispo con tiara e báculo e outra figura que pode representar a un nobre (loce a cruz de cabaleiro de Santiago), simbolizando quizais a importancia da Igrexa e a nobreza na conformación da cidade de Santiago. E os motivos decorativos a base de volutas lembran de novo ao barroco compostelán.



Punto 8 — Petador do Pazo de Vaamonde, Rúa do Vilar, nº 59

A **Casa-pazo do doutor Vaamonde** é un pazo urbano construído no século XVIII e curiosamente sobresaí do aliñamento das casas acaroadas da rúa. Está formado pola planta terrea, con soportais de arcos de volta perfecta e dous andares, o segundo con balcón. Na fachada do primeiro andar, entre as fiestras destaca un grande escudo. Tamén é de salientar o **petador** fundido en bronce da porta, obra do escultor Francisco Asorey, encargado polo doutor Joaquín Vaamonde Rodríguez. Representa un sapo e unha serpe, os dous animais relacionados coa medicina. Fermosa tamén é a cristaleira da porta interior onde atopamos unha escaleira principal cunha escultura en madeira realizada polo escultor J. Rivas o 25 de xullo de 1932.



Punto 9 – Capitel do apóstolo, Rúa do Vilar, nº 21

A Xoiería Malde é un dos escasos exemplos da arquitectura de interiores da primeira modernidade que se conservan en Galicia. O seu autor utilizou a estratexia compositiva do contraste entre as referencias irónicas da historia, no exterior, e a linguaxe propia das vangardas, no interior.

Para a composición de fachada, **Caridad Mateo** tomou a secuencia típica da sección transversal dunha basílica románica, prescindindo dun dos arcos menores. Así, o arco central alberga o espazo comercial e o pequeno o portal do edificio. O apoio entre eles resólvese cun piar trilobulado. O arquitecto contou con **Francisco Asorey**, para tallar o capitel e as figuras de dúas rechamantes ménsulas, que salientan o arco maior (1934).



Punto 10 — Placa a Bernardo Barreiro de Vázquez Varela, Rúa Xelmírez, nº 17

Lápida en honra de **Bernardo Barreiro**⁴, 1921, feita en mármore e bronce. Leva a inscrición: “Ofrenda de reconocimiento y cariño a la grata memoria de Bernardo Barreiro de V(Vázquez) V (Varela), ilustre arqueólogo, historiador, poeta y periodista, que dedicó por entero a la glorificación de su amada tierra Galicia el entendimiento, el corazón y la pluma. XX enero MDCCCLI- XXI noviembre MCMIV”.



O nº 179 da revista *Vida Gallega* fai unha crónica (con fotografías) do acto de inauguración da placa: «D. Bernardo Barreiro de Vázquez Varela, fundador y director de *Galicia Diplomática*, arqueólogo notable y desinteresado expositor de las grandezas de Galicia. En la casa donde nació, en Santiago se colocó una lápida que fue descubierta con gran solemnidad el 31 de julio último. El decano de la facultad de derecho D. Salvador Cabeza de León pronunciando el discurso de entrega de la lápida al pueblo de Santiago».

A lápida representa en bronce o retrato do homenaxeado e a cruz de Santiago por detrás. De mármore son as grilandas que decoran a parte superior e as placas de mármore de diferentes cores nas que está a inscrición.

⁴ **Bernardo Antonio Barreiro de Vázquez Varela**, naceu en Santiago de Compostela o 21 de xaneiro de 1850 e finou na Coruña o 27 de novembro de 1904. Era fillo dun zapateiro chamado Bernardo Barreiro Borraxeiros, de familia compostelá, e de Florentina Vázquez Penedo, cuxos pais procedían de Nemenzo e de Deixebre, foi o cuarto fillo do matrimonio, sendo bautizado na igrexa de Salomé, na rúa Nova. Moi cedo comezou a inserir as súas poesías en xornais como *La Estrella Compostelana* e *La Aurora de Galicia*. Militante republicano. Logo do triunfo da Gloriosa en 1868 fundou e dirixiu en Santiago o periódico *La Revolución*. Tras o fracaso da I República en 1873 dedícase emigrar á Arxentina. En 1877 regresa a Galicia, recuperando as colaboracións xornalísticas. Así, escribiu en *El Heraldo Gallego* (Ourense), *Diario de Santiago*, *Gaceta de Galicia* (Santiago) e *Revista Compostelana*. En 1877 editou en Santiago o libro *Efemérides de Galicia*. Novas persecucións políticas motivaron a súa decisión de volver emigrar á Arxentina. En Buenos Aires formou parte da Comisión organizadora do Centro Gallego (1879), encargándose de redactar o regulamento desta entidade. Foi colaborador do xornal *El Gallego*, *La Pampa*, *La Época*, *El Loro*, *La Unión Gallega* de Montevideo e *El Eco de Galicia* da Habana. En 1879 foi comisionado polo Goberno arxentino para pescudar en arquivos españois as probas que deran a razón á Arxentina nos conflitos territoriais cos seus veciños. As súas investigacións deron como froito a obra *Diplomática de la América Meridional*. Regresou a Santiago onde foi director da revista *Galicia Diplomática*. O 15 de setembro de 1881 foi nomeado arquivista do Concello de Santiago de Compostela, pasando máis tarde a desempeñar igual cargo na Deputación da Coruña. Faleceu nesta cidade o 27 de novembro de 1904.

Punto 11 – Costa de San Francisco – Monumento a San Francisco de Asís, 1926-1935

Francisco de Asís (1182-1226), fundador da Orde Franciscana, reivindicador da protección dos animais e do medio ambiente, peregrinou, consonte a tradición, a Santiago en 1213 ou 1214 e foi en Compostela onde o Santo recibe a «orde celestial» de fundar conventos por toda a Península para a expansión da súa Orde.

En 1925 os franciscanos e as Terceiras Ordes e Xuventudes Antonianas queren celebrar, en 1926, o VII centenario da morte do seu fundador e pensan nun monumento, encomendándollo a Asorey, sendo a comisión organizadora O M.R.P. Reitor dos franciscanos e visitador da terceira orde de Santiago e os RR.PP. Comisario Provincial da V.O.T e Director Nacional da Mocidade Antoniana.

O primeiro proxecto do monumento é moi modesto, pero grazas á actividade propagandística do P. Manterola e ao ser de subscripción aberta pronto se modifica debido ás xenerosas achegas chegadas de todos os puntos de España e mesmo de América.

O primeiro proxecto data do 1 de xullo de 1925. Nel establécese:

- Presentarase o proxecto en xeso.
- As dimensións, nun principio o monumento tería 9 metros de altura, 4 de base na fronte e 3, 20 de fondo
- Especificaríase o custo dos materiais, tendo en cuenta que San Francisco será de pedra gris respectando a roupaxe, e mármore sepia no que ás carnes se refire. As demais figuras serán de pedra máis clara no pedestal, pedras que procederán das canteiras de Castrelos, e as do pedestal, das canteiras de Padrón.
- O artista cobrará 40000 pesetas, desagregadas en pagos: un 15% para material, un 40% durante a execución, e o resto á finalización da obra.
- Hai un tempo de finalización (non especificado neste contrato); se neste tempo non se conclúise a obra a Comisión poderá apropiarse dela, pero reintegraríase a Asorey o custo dos materiais non empregados, aínda que a súa contía xustifícase deducíndoa da cantidade total do prezo total da obra.
- Establécese que antes de aprobarse o proxecto necesítase un anteprojecto cun modelo debuxado especificando as figuras representadas e as súas escalas, para que a comisión xustifique a cantidade para entregar polo custo dos materiais. Tamén se especifica que a medida que se vaia concretando o monumento presentaranse os seus corpos en madeira, xeso ou debuxos máis detallados a condición de que non afecten as figuras a representar e aos materiais. Só será alterado por forza de causa maior absolutamente xustificada.

A primeira pedra colócase a 17 de outubro de 1926, en presenza da Peregrinación terciaria de Galicia, o Comité internacional do Centenario de San Francisco en Roma e a Xunta Nacional do centenario en Madrid. Asorey está acompañado polo Padre Martín Manterola, o reverendo Samuel Eiján e o Reitor do colexio, Alejandro Toribio. A partir de aquí o monumento crece e desenvólvese conforme ao previsto aumentando en altura e magnificencia para ser inaugurado.

O 24 de xullo de 1930 sucédense os actos durante todo o día, que empezou cunha Misa de Comuñón celebrada polo P. Reitor do Colexio, Fr. José Mosquera. Ás 10 e media empezou a misa cantada. Houbo tal afluencia de público e autoridades que foi necesario habilitar sitios para as diferentes comisións: eclesiástica, civil, militar e cultural de Santiago, presididas polo Excelentísimo Sr. Gobernador civil, alcalde compostelán, reitores da

universidade pontificia e universidade literaria, coroneis de artillería e infantería etc., sen esquecer ás comunidades franciscanas vindas de todos os puntos de Galicia.

Desde a porta do convento iníciase un desfile presidido polo prelado Zacarías Martínez Núñez e acompañado polos coros e a Banda Militar, ata o monumento, que é descuberto por Rodríguez de Viguri entre aclamacións e aplausos, que se multiplican ao ser bendicido polo Sr. Arcebispo.

É despois a quenda dos discursos; o Prelado insiste na supremacía do espiritualismo, maxistralmente reflectido por Asorey; a este séguenlle Don Isidoro Millán e Ramón Cabanillas (1876-1959), este le un emotivo poema dedicado ao monumento.

Texto 10

O santo de Asís en Compostela

No chan era o silencio
e no Ceo era a verba.
Vivía o mundo tempos
de impiedade e de guerra.

Unha voz no escoitada dende os días lonxanos
da Redención, voaba por montes e devesas.

Era o decir soave
dunha canción sinxela
tecida de homildade, de amor ó sacrificio
e de amor á probeza.

Campaña de ouro, ó seu doce tanguido
todo esperta e resurde, todo vibra e latexa:

o verme escuro fita
ó sol que as altas nubes labarea,
o sol desce bicando
rochedos e arboredas,
relocen remansadas
as ágoas da tromenta,
espiga en lirios albos
a herba miudiña, levián e silandeira.
Refulxen con doirada craridade
os mantelos da néboa
e, os degaros conxénitos vencidos,
o lobo baixa da fragosa serra...

É a voz do Alter Christus,
nada de Rivotorto na campía deserta,
resoante nos vales de Espoleto

e nos ermos de Albernia:
é a voz garimosa,
en caridade acesa,
de Francisco de Asís, o Cabaleiro
da Sagrosanta Orden da Probeza,
que descendo as valgadas do Pedrouso,
nimbado da Beleza,
rodeado de pombas
camiña a Compostela.
Das Navas de Tolosa
na xornada sangrenta

os berros da vitoria
a España entoleceran.
Diviñizada a Forza
co mantelo de púrpura cuberta,
das tendas de Annasir
ó forzar as cadeas,
as espadas trunfantes
cara ós ceos erguera...
Mais, tramontando os cumes
da pirenaica serra,
da ermida de Subiaco
baixa o Santo poeta.
E escoitade o miragro
que ó mundo desconcerta!

Ós locentes aceiros
da armadura guerreira
contrapón os farrapos
do saial mendicante, da túnica cincenta;
á pica de combate,
á espada cabaleira,
o bordón e a sandalia
das xornadas eternas;
ó fachendoso casco empenachado
a calada capucha miserenta;
a espada escintilante e feridora
o cordón de delor e penitencia,
e ó balbordo da loita
a verba da homildade,
a caridosa verba
que chama irmán ó lobo,
ó paxaro, e ó verme, e á cobra pezoñenta,
a man sempre tendida
ó que famento ou nu cruza a vereda,
e os séráficos beizos con que bica
do gafo desterrado a carne lazarenta...!
Ou, Ti, santos dos santos,
fogueira sempre acesa,
o das chagas diviñas
nos pés, nas mans e no costado abertas
como nadas no ceo lumiosas como estrelas!

¡Ou, ti, santo dos santos,
cabaleiro e poeta
que deixache do Pórtico da Gloria
nas pedras milagreiras
un recendo diviño que perfuma
toda a terra galega!
¡Fai verdecer en rosas
con froración eterna
esta groriosa Casa

da tua man ergueita
carón da Tumba sagra
na nobre Compostela,
e benzoa esta terra que é tan tua
por homilde e por probe e por gallega!

Ramón CABANILLAS (1930), *El Eco Franciscano* (1-VIII-1930) e, días despois, en *La Temporada en Mondariz* (9, 3-VIII-1930).

Terminou a rolda de discursos Rodríguez de Viguri, que falou en nome do Ministro de Graza e Xustiza. Despois disto a multitude desfilou asombrada e marabillada ante o monumento, algo que se repite nos días posteriores.

Base

- Este *San Francisco* é o último gran traballo de Asorey no seu obradoiro de Caramoniña. A obra é un monumento de 12 m de altura, asentado sobre unha plataforma de 4.10 m de ancho en cada lado e cun alto de catro ringleiras de bloques de perpiaño, onde Asorey grava, ademais da dedicatoria co ano, a súa sinatura, aínda que hoxe é imposible de ver, pois na reordenación da Rúa agochouse coa terra colocada arredor da base.

«La caridad franciscana erigió este monumento al pobrecillo de Asís en el VII centenario de su muerte. MCMXXVI».

- Un monumento destas dimensións precisa dunha unión estreita entre a arquitectura e a escultura. Asorey resólveo ben, e o programa iconográfico adáptase perfectamente á forma da arquitectura. A estrutura piramidal do monumento permite colocar unha base ampla e maciza que se chanta sobre un espazo problemático polo desnivel existente. Asorey coloca grandes pedras, traballadas rudamente e confire así á obra un aspecto agreste, natural, coma se o monumento se levantase sobre calquera monte galego. E ao mesmo tempo é un canto en honra da harmonía entre ser humano e natureza, o espírito franciscano perfectamente recollido.
- Por riba destas antas encóntranse de novo dúas ringleiras de bloques de granito traballado con cicel, que dan paso ao corpo superior ou primeiro corpo.

Primeiro corpo

Desde a parte frontal, a que mira cara á catedral, este primeiro corpo, de 2,10 m de altura, mostra catro grupos de imaxes, dous diante e dous detrás, separados por representacións animais alegóricas: a **ovella e o seu cordeiro** e o **lobo de Gubio**.



Recordo da festa inaugural celebrada o 24 de xullo de 1930. Extracto de *El Eco Franciscano*.

- A sociedade: o Poder e o Pobo avanza cara ao centro en actitude de ofrenda a San Francisco, separados por unha ancha columna de granito cicelada que pode significar a grande división entre os dous estamentos:


1. **O grupo que simboliza o Poder** na sociedade medieval na que xorde o franciscanismo: o Rei co seu cetro e coroa, o cabaleiro de xeonllos coa súa espada e o bispo, leva tiara e báculo. Cetro, espada e báculo son emblemas de poder. Este grupo artístico ten relación cos baixorrelevos persas, en que os representantes de cada provincia levaban en procesión os seus presentes ao monarca.

2. **O grupo do Pobo**, simbolizado nunha familia campesiña: en primeiro lugar o pater familias, o pai, que descansa pensativo apoiado no sacho, o seu instrumento de traballo. Detrás a muller, leva unha grilanda de flores, como nai e como unión coa terra, alegoría da muller-maternidade pola unión co fillo aínda pequeno que leva no colo, ao que sostén coa man dereita, alegoría da unión muller-terra polas flores que lle caen da man esquerda. Á dereita, detrás da nai, unha filla case adolescente coas mans entrelazadas á altura do peito mira todo con curiosidade.

- Detrás do Pobo aparece unha **ovella** que protexe o seu año entre as patas, clara alusión ao cristianismo, ao año de Deus, polas características aplicadas a estes animais: a resignación e mansedume que San Francisco inculcou ao pobo.

- Na parte posterior, na cara que mira o convento, Asorey amosa o **grupo dos continuadores masculinos e femininos da orde franciscana** co escudo no centro:

3. Un grupo formado por **tres mulleres**, as continuadoras: a que lea Custodia é Santa Clara de Asís, fundadora da orde franciscana feminina (1194-1253), circunscriben as súas vidas á oración e aos traballos no mosteiro, represéntase a Santa Clara con expresión mística e co ostensorio na man; unha relixiosa sentada, que medita e ora, alude ao rezo e ao traballo, predicados polos franciscanos e franciscanas; por fin, unha dama cinxe a súa roupa co cordón franciscano, as terciarias ou Terceira Orde⁵.




⁵ San Francisco de Asís en 1221 funda a Terceira Orde, os denominados terciarios e terciarias, que son de dous tipos: ben persoas laicas (homes ou mulleres) que poden estar casadas ou por outros compromisos non queren entrar a vivir no mosteiro, ben sacerdotes que profesan votos solemnes de castidade, pobreza e obediencia, consagrados ao servizo da Igrexa, polo que tampouco viven no mosteiro. A laica coñécese actualmente co nome de «Terceira Orde Franciscana Segrar» e a dos sacerdotes como «Terceira orde regular de Sacerdotes».

• Catro escudos franciscanos:

- arriba, á esquerda, os brazos cruzados entre os que se alza unha cruz (Tau, a última letra do alfabeto hebreo);
- á dereita, o serafín da visión da estigmatización de Francisco;
- abaixo, á esquerda, a cruz da orde de Xerusalén que ostentan os franciscanos de Santiago pola súa condición de custodios dos Santos Lugares (é unha cruz grega cun traveseiro cerrando cada brazo, semellando un círculo cadrado, cruz que se atopa en moitos edificios de Compostela, pois é a marca de propiedade do antigo Hospital Real de Santiago);
- por último, á dereita, os cravos e chagas da paixón de Cristo.



4. Un grupo formado por **tres homes**, os continuadores: o predicador San Bernardino de Siena (1380-1444), vicario xeral da Orde e diplomático, cun libro nos brazos co anagrama de Cristo; un frade que medita, símbolo dunha profunda vida interior; un cabaleiro da Terceira Orde ou terciarios⁶. Para o frade, en actitude pensativa que reflicte a riqueza do seu interior, serviu de modelo un monxe do propio convento de San Francisco.



- Separando este grupo co do poder aparece un coelliño de orellas ergueitas e o **lobo** de Gubbio, o feroz e terrible animal que asolaba a cidade italiana de Gubbio, ao que Francisco buscou e cominou a non facerlle máis mal a ninguén, converténdoo no irmán-lobo. Asorey representao cunha lebre e un coello a un lado entre as patas como símbolo da irmandade entre os seres da natureza. O lobo é o mesmo que tallou no San Francisco, de 1926, obra que levou a primeira medalla na exposición nacional. Para facer de modelo do animal colleu a un "can lobo", un cruzamento de pastor alemán con algún can salvaxe



Unión entre os dous corpos

Estes dous corpos únense con cinco fileiras de perpiaños que se estreitan cara a arriba, para dar sensación de espiritualidade, nunha clara alusión á orde de Asís, con



⁶ O século XVII os terciarios de Compostela levantan unha capela propia, a Capela da Orde Terceira, no denominado Campiño de San Francisco, nos terreos estremeros co mosteiro, formando un ángulo recto coa fachada do convento e da Igrexa. Dedicán tamén unha parte dos seus terreos para Cemiterio da Orde Terceira, onde hai varios panteóns de familias compostelás mais tamén tumbas de franciscanos. Está case sempre cerrado e non se pode acceder a el máis que en certas visitas guiadas.

pedras anoadas que caen verticalmente a xeito de cordón do hábito franciscano, e que serven como pedestal das tres alegorías das virtudes.

Segundo corpo

Este segundo corpo, de 2,25 m de altura, presenta catro imaxes coa seguinte orde, Francisco de Asís na parte frontal, e ao redor as tres grazas alegóricas das virtudes: Pobreza, Castidade e Obediencia.



Na fronte, mirando cara á catedral, con 2'80 m de altura, a estatua de **San Francisco** preside o monumento e estende os seus brazos coas mans abertas como se fose abrazar a Catedral, aludindo á súa peregrinación a Compostela (brazos demasiado grandes para o canon da escultura pero que lle permiten enmarcar a figura de Cristo que está por detrás). Viste o hábito da Orde en granito gris escuro, co cordón en mármore branca anoado á cintura e con tres nós.


A cabeza, as mans e os pés, as partes do corpo que fican á vista, escúlpense en mármore sepia, o rostro sereno, ollos pechados (os ollos pechados fan que a figura concentre a enerxía cara a dentro e acentúe o efecto místico como no San Francisco en madeira) e sorriso, mostrando os estigmas de Cristo en pés e mans, provocadas polos cravos; as feridas na cabeza, provocadas pola coroa de espiñas; as feridas no lombo, polo látego da flaxelación. Para este san Francisco, Asorey usa como modelo un home moi pobre, coñecido simplemente como Otero, un mandadeiro do obradoiro a cambio de comer cos operarios.

Cómpre destacar o realismo anatómico da estatua, nos pés debúxanse perfectamente os tendóns, os torsos reflicten a anatomía... por mor da súa profesión de escultor anatómico.

Arredor do Santo, coloca grupos de rosas, lirios e pombas que serven para unir este corpo co superior.

Tres mulleres son as tres virtudes, Pobreza, Castidade e Obediencia:

- A **Pobreza**, á dereita de Francisco, unha doncela erguida de pé, sorrí sobre as espiñas da súa penuria, con pregues acanalados na túnica e un rostro doce..
- A **Castidade**, á esquerda de Francisco, leva na man un lirio, símbolo de pureza e virxindade na iconografía cristiá, e ergue a súa man en actitude de bendicir. Repite a posición da figura da Virxe da columna do parteluz do Pórtico da Gloria, outro elemento máis en común coa obra de Mateo



- A **Obediencia** ten grande movement, co corpo en torsión e en tensión, parece tremer na súa loita interior para se desprender dos praceres mundanos.

Terceiro corpo

Na parte frontal, con 2'25 m de altura, Cristo, protector de Francisco, case fundidos, a figura do Santo e a de Cristo. A figura de Cristo abre os brazos, a semellanza do Cristo alado do monte de La Verna.

Nesta representación de Cristo, Asorey combina as formas humanas coas extremidades membranosas, para estas usa un fino granito branco que contrasta co sepia do conxunto e que as fan máis rechamantes e portadoras de máis luz. Na parte superior catro pombas a cada lado levantan o voo

A iconografía do Cristo é románica, de rostro frontal e hierático, con estudo anatómico do torso, con coroa de espiñas, encaixado nunha estrutura en forma de estrela ou cruz, como o típico cruceiro galego, mirando cara á Catedral, sinalando o camiño.

A parte posterior é lisa, sen imaxes, mais traballada a cicel, só se ve a forma xeométrica do cruceiro, cal a parte superior dunha estrela que irradia luz e calor a quen a contemple.

O monumento, formalmente inspirado nos cruceiros de Galicia, é, sen dúbda, unha apoteose franciscana sen parangón no resto de Galicia.

Na fachada da Igrexa de San Francisco podemos ver outros San Francisco de Asís obra de **José Ferreiro**⁷. Este esculpe un santo coa iconografía de San Francisco asceta, mirando a cruz, como tamén fixo no retablo da Igrexa. A figura é clasicista, xoga co contraposto que curva lixeiramente a escultura e fai mover a figura e os panos.



⁷ **José Antonio Mauro Ferreiro Suárez**, nado en Noia o 14 de novembro de 1738 e finado en Hermisende, Zamora 2 de xaneiro de 1830. Está considerado unha das figuras da arte escultórica do neoclasicismo galego do século XIX.

